

## MARKETING EN PAPEL – FASE 6 – GUIÓN DE TRABAJO

Durante esta 4ª fase, tedes que deseñar a comunicación corporativa en papel da vosa asociación. Debedes desenvolver todos os puntos que aparecen no seguinte guión, explicando todos os aspectos que aquí se detallan, que serán baremados seguindo o criterio que vedes na seguinte táboa:

CONCEPTO	EXPLICACIÓN DETALLADA	PUNTOS
ANUNCIO DE PRENSA	Debedes deseñar un anuncio de prensa de tamaño pequeno (1/4 de folla DIN A4), en branco e negro, e valoraranse os seguintes aspectos:	1
	Contacto (debe aparecer o enderezo do blog, como mínimo)	0,25
	Logotipo	0,25
	Vistosidade (debe quedar claro a que se dedica a asociación)	0,5
POSTER	Debedes deseñar un poster (1 folla DIN A4), e valoraranse os seguintes aspectos:	1
	Contacto (debe aparecer o enderezo do blog, como mínimo)	0,25
	Logotipo	0,25
	Vistosidade (debe quedar claro a que se dedica a asociación)	0,5
TRÍPTICO	Debedes deseñar un tríptico, e valoraranse os seguintes aspectos:	4
	Portada (aí debe constar só o nome, logotipo e a temática da asociación)	0,5
	Contraportada (seguramente será a segunda cara que vexa o público)	0,5
	Presentación da asociación	0,5
	Actividades	0,5
	Cuotas	0,5
	Localización (debe aparecer o enderezo do local e algunha foto)	0,5
	Contacto (debe aparecer o enderezo do blog, como mínimo)	0,5
	Deseño	0,5
	DOSSIER DE PRENSA	Debedes deseñar un dossier de prensa, e valoraranse os seguintes aspectos:
Portada (aí debe constar só o nome, logotipo e a temática da asociación)		0,5
Presentación da asociación		0,5
Actividades		0,5
Cuotas		0,5
Localización (debe aparecer o enderezo do local e algunha foto)		0,5
Contacto (debe aparecer o enderezo do blog, como mínimo)		0,5
Completitude		0,5
Vistosidade	0,5	

Polo tanto, o produto final desta fase do traballo, e polo que seredes puntuados, serán CATRO arquivos, que serán puntuados seguindo o baremo de puntos arriba indicado. Eses arquivos serán principalmente de texto (en formato DOC, ODT ou PDF), aínda que algún deles, como o poster ou o anuncio de prensa, poden ser gráficos (nese caso, o formato debe ser JPG ou PNG) Advertimos que só se valorará o que conste neses arquivos. Todos aqueles aspectos que se digan VERBALMENTE na presentación en clase, pero que non consten nos arquivos, NON serán tidos en conta para a nota. Iso fará que teñades unha NOTA INICIAL DA 4ª FASE.

Unha vez que todos os grupos presentaran o seu local social e ordenador de sobremesa, teredes uns días de prazo para facer melloras no voso proxecto, e volver a enviarllo ao profesor. Todas as reformas que fagades deben estar destacadas en COR VERMELLA. Volverán a corrixirse os traballos, e así teredes unha NOTA MELLORADA DA 4ª FASE.

A nota que se lle outorgará finalmente ao grupo será a MEDIA ARITMÉTICA das dúas anteriores. Esa nota multiplicarase pola cantidade de persoas do proxecto, e esa cantidade total debedes repartila entre vós, da forma máis xusta que consideredes.

O tempo estimado para levar a cabo esta fase será de SETE sesións, aínda que a clase consensuará co profesor exactamente cando rematará e cando se presentará en público.

Debedes enviar os traballos por Educamos (ou excepcionalmente a [robertocv@escolapiosacoruna.es](mailto:robertocv@escolapiosacoruna.es))